

AS NOSAS LETRAS

Espectáculo do Mago Teto



Dende o comezo da historia, a maxia, dun ou doutro xeito, exerceu unha asombrosa fascinación na vida do ser humano. Os nenos e nenas amosan un grande interese pola maxia, polo que a utilización do ilusionismo é altamente beneficioso para espertar a curiosidade e o coñecemento a través do divertimento.

O Mago Teto achega o seu primeiro espectáculo coa dinamización e defensa do galego como vehículo condutor das diferentes maxias que contén o espectáculo. “**AS NOSAS LETRAS**” rende unha homenaxe á cultura, á tradición e ás costumes galegas a partir dunha escolma de destacadas pezas da literatura galega. Dende as primeiras manifestacións literarias en galego no misterioso Medievo, ata as letras das cancións dos grupos da nosa terra escritas nos últimos anos, pasando polos Séculos escuros, o Rexurdimento, e o século XX, coas súas guerras, ditaduras e prohibicións, que tanto influíron na situación actual da lingua galega.

Veremos neste espectáculo maravillosas maxias que nos van a espertar o coñecemento histórico e contemporáneo do galego. Levaremos a escena a recomposición das cantigas de Afonso X, descubriremos unha increíble espada enmeigada de Merlín e Familia, o espírito do mestre Castelao fará aparecer un dos seus debuxos no espectáculo, faremos adiviñación semántica con obras de Risco, Rosalía e Blanco Amor.

Imos unir maxias e letras para ilusionar e divulgar co galego.



CONTRATACIÓN
981 582 836
info@culturactiva.org